



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIOAMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

José María Martínez Doval solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.56705

As obras solicitadas consisten no acondicionamento dos predios situados nas parcelas 951, 975, 976, 979 e 980 do polígono 4 da concentración parcelaria do "Val de Alfoz", na zona de policía do rego Azoreira, no lugar de Azoreira, na parroquia de Lagoa, no concello de Alfoz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 29 de decembro de 2017.- A xefa do servizo territorial, Mª Carmen Quintero Serrano

R. 0043

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE INNOVACIÓN, PARTICIPACIÓN CIDADÁ, MOCIDADE E DEPORTE

Anuncio

Para os efectos oportunos, publícase a listaxe de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2016-2017, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 15 de decembro de 2017 de "1º.- Conceder as subvencións individualizadas que se mencionan na seguinte listaxe referidas os clubs deportivos e ao orzamento previsto para eles nas anteriormente citadas bases."

De acordo co punto 13 das bases da convocatoria, e ao abeiro do 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución de concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2016-2017, por parte da Xunta de Goberno, será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org_taboleiroanuncios.deputacionlugo.org, enlace: **g-tablón - Deputación de Lugo**

Nº REX	NOME ENTIDADE	CIF	IMPORTE	DEPORTE
30696	CLUB PRONE LUGO AD	G-27210376	128.272,00	FÚTBOL SALA
30.697	CLUB PORTA XI, CB	G-27324284	75.700,00	BALONCESTO
29.940	CLUB DEPORTIVO BURELA FS	G-27272251	153.927,00	FÚTBOL SALA

30.072	CLUB PELUQUERÍA MIXTA FRIOL	G-27170638	36.000,00	FÚTBOL
29.937	CLUB EMEVE	G-27041490	76.101,00	VOLEIBOL
TOTAL			470.000,00	

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 4 de xaneiro de 2018.- O Presidente, Darío Campos Conde. O Secretario Xeral, Cristobal Víctor Fraga Bermejo

SUBVENCIONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS E ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO, DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA NA ANUALIDADE 2017

Para os efectos oportunos, publícanse ás subvencións en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro, da provincia de Lugo para a realización de actividades de promoción da artesanía na anualidade 2017, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 15 de decembro de 2017 de "Conceder as subvencións individualizadas que se mencionan nas seguintes listaxes así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas listaxes."

De acordo co punto 10 das bases da convocatoria, e ao abeiro do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución de concesión das axudas por parte da Xunta de Goberno, será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org, enlace **g-tablón - Diputación de Lugo**.

CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS E ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO, DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA NA ANUALIDADE 2017

Nº REXISTRO	ENTIDADE	CIF	ACTIVIDADE	TIPO	SUBVENCIÓN
27041	PROA VIVEIRO	G27456086	FEIRA ARTESANÍA DE VIVEIRO	EVENTO	654
26342	AAVV SAN MIGUEL DE PEDRAFITA	G27229566	CURSO DE COIRO	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	407
26352	A.C. PUNTO DE CRUZ	G27485085	C. BORDADO E PUNTO DE CRUZ	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	442
27036	ANPA CEIP DE FOZ Nº1	G27019371	OBRADOIRO DE CANTERÍA	EVENTO	790
25410	SEMINARIOS ESTUDIOS VALADOURO	G27433184	CURSO DE CESTERÍA	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	477
25416	A. AS ENCAIXEIRAS	G27329630	ENCANTRO PALILLEIRAS	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	565
26332	AC AMIGOS MOSTEIRO PALLARES	G27300052	FESTA ARTESANAL FERREIRA PALLARES 2017	EVENTO	583
26327	A.CULTURAL E VECIÑAL DE LANZÓS	G27347400	RESTAURACIÓN	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	618
27040	A.OS MILAGRES DE SAAVEDRA	G27363167	CURSO CESTERÍA E COIRO	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	671

27043	AMURAXE	G27212281	CURSO DE BOLILLOS	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	671
26126	A.C. TANQUE DE ZINC	G27420835	CONSTRUCC. FIGURAS PAPEL MACHÉ	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	760
26388	AMMRR DO CHAO	G27189349	CURSO DE TAPIZ EN BASTIDOR ALTO	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	760
26573	A.C. O GARABULLO DE CARBALLO	G27028935	CURSO DE COROZAS	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	795
27038	AMMRR BARTOLOMÉ INSÚA	G27375856	IX TASCA TRADICIONAL LIÑO	EVENTO	795
25944	AAMMRR A XUNTANZA	G27288703	CURSO DE TEAR	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	813
25911	A.C. AMIGOS DO FOLIÓN	G2 /113638	RECUP. POSTA EN VALOR TRAD. DOS CARROS	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	830
26409	A.C. CÁNTIGAS E FRORES	G27014018	OBRAD. CONSTRUCC. TARRAÑOLAS I.PERCUSIÓN TRAD.	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	830
25903	AV SAN SALVADOR VILARMIDE	G27399195	CURSO DE CESTERÍA	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	848
25920	AAMM AS BULIDOIRAS	G27113406	C.RECICLADO VIDRO CON TÉCNICAS PICTÓRICAS	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	848
26619	AV SAN XULIÁN DE CAZÁS	G27199405	CURSO DE CESTERÍA	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	475
26580	ANPA COLEXIO PP ESCOLAPIO	G27120112	INST.MUSICAIS E ORNAMENTOS NADAL	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	883
26479	A.C. AIRIÑOS DO XUNCO	G27015668	CURSO DE CESTERÍA	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	901
26502	AMMRR COUSAS NOSAS	G27213891	CURSO DE CESTERÍA	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	617
25344	ANPA CEIP OTERO PEDRAYO	G27100049	CURSO DE BARRO	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	1000
26403	AAVV A REGUEIRA	G27474527	CURSO CESTERÍA	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	804
26404	AAVV. SAN MARTÍN DE CORBELLE	G27119106	TAPIZADO E RESTAURACIÓN	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	574
26503	ANPA RICARDO GASSTET DO INCIO	G27230382	OBRAD. CONSTRUCC. PANDEIRO CUADRADO	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	639
26431	A CHAVE DAS NOCES	G27471937	RESTAURACIÓN E TAPICERÍA	CURSO/ DEMOSTRACIÓN	950
26498	A.C. XERMOLOS	G 27014885	FEIRA DE ARTESANÍA PARDIÑAS	EVENTO	1000
26574	A.ARTESÁNS OS MUIÑOS	G27305028	NADAL ARTESÁN	EVENTO	1000
					22000

LISTAXE DESESTIMACIÓNS/DESISTENCIAS SOLICITUDES CENTRAD 2017

Nº REXISTRO	ENTIDADE	CIF	ACTIVIDADE	CAUSA DESESTIMACIÓN DESISTENCIA
25913	ASOCIACIÓN KOKOS	G27394659	FESTA DA DEBESA DE ESCAIRÓN	Incumprimento bases: obxecto da axuda
26333	A.C. PENAS DE RODAS	V27014034	OBRADOIROS	Incumprimento bases: Punto 1, parágrafo V/Punto 3, parágrafo IV
26351	AS.PALILLEIRAS CAMIÑO SANTIAGO	G27307404	CURSO ENCAIXE DE BOLILLOS	Presenta desestimento

26400	A.ARTESÁNS TERRA DE LEMOS	G27206978	C.APRENDIZAJE ESMALTES DE SALES	Presenta desestimento
26418	AGULLA MÁXICA	G27423367	VIAXES A XUNTANZAS DE PALILLEIRAS ...	Presenta desestimento
26422	AAMMRR A CARBALLEIRA	G27284066		Presenta desestimento
26426	AAVV ACHEGATE	OG27263847	CURSO DE ARTESANÍA	Presenta desestimento
26500	AAVV SAN MARTIÑO DE VILELOS	G27109040	CURSIÑOS E OBRADOIROS	Presenta desestimento
27039	ASOCIACIÓN OBRADOIROS TERRA CHÁ	G27456078	OBRADOIROS OS DOMINGOS NA TERRA CHÁ	Presenta desestimento
27042	PATRONATO PRO-ESCUELA SANTABALLA	G27141399	CURSO DE RESTAURACIÓN	Incumprimento bases: Punto 1, parágrafo V/Punto 3, parágrafo IV
26482	A. GALEGO CUSTODIA TERRITORIO	G27392703	Tª CESTERÍA PARA ELABORACIÓN DE REFUXIOS	Incumprimento bases: non ter xustificada subvención concorrencia competitiva Cultura 2015

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 4 de xaneiro de 2018.- O Presidente, Darío Campos Conde. O Secretario Xera, Cristobal Víctor Fraga Bermejo

Para os efectos oportunos, publícase a listaxe de bolsas concedidas en réxime de concorrencia competitiva, **para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2017**, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 15 de decembro de 2017, de "Conceder as bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2017, que se reflecten nas listaxes que se achegan."

De acordo co punto 10 das bases da convocatoria, e ao abeiro do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución de concesión das axudas por parte da Xunta de Goberno, será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org

Nº REXISTRO	SOLICITANTE	NIF	IMPORTE BOLSA
33965	SILVA LOSADA PABLO	32820150R	2223
33996	DIAZ PEREZ ADRIÁN	33545774K	6674
33963	VARELA REGUEIRO JONATHAN	33350545Q	764
34123	FERNÁNDEZ VALCARCEL ANTONIO	33536776Q	1273
34127	LOPEZ BELON ALBERTO	33350406S	1158
34152	ALONSO LISTE JOSÉ ANTONIO	33347259L	5672
33856	LOPEZ LOPEZ RUBÉN	33553041C	2269

33905	DIAZ PEREZ CÉSAR	33545775E	1852
34145	ALVES BELLO CLEMENTE	33550431D	1158
34157	VEIGA BELLO ÓSCAR	33338179R	1111
34159	VAZQUEZ MARTINEZ ADRIÁN	33549734W	1297
34118	BURGO VILANOVA PEDRO	33322683F	7000
34205	SANDAMIL CABANA MANUEL	76572158Y	2385
34148	VALLEJO FOLGUEIRA SERGIO	33306549L	7000
33997	ALVAREZ TORRON IAGO	33557911Z	1127
34113	SAA FERNANDEZ MARIO	33553272K	2037
			45000

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 4 de xaneiro de 2018.- O Presidente, Darío Campos Conde. O Secretario Xeral, Cristobal Víctor Fraga Bermejo

R. 0050

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE PLANS E OBRAS

Anuncio

INFORMACION PÚBLICA

Conforme ao disposto no art. 32.4 do R.D.L. 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométense a información pública por espazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación no B.O.P. deste anuncio, as modificacións aprobadas no Pleno de data 31 de outubro de 2017 do PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.

Lugo, 6 de novembro de 2017 O PRESIDENTE, Darío Campos Conde. P.D. Decreto nº 0402 de 24 de febreiro de 2017 .O DEPUTADO PROVINCIAL, PABLO RIVERA CAPON. O SECRETARIO, Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 0044

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

En cumprimento do disposto no apartado “QUINTO.” do seguinte Decreto da Alcaldía, publícase o texto íntegro do mesmo que é do seguinte teor literal:

DECRETO NÚMERO 2017/0380.

“Visto que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Visto que por causas persoais imprevistas, esta Alcaldía atoparase ausente do Municipio dende a hora da sinatura deste Decreto ata a data da súa incorporación, que non pode fixarse neste momento.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. Delegar en DONA PATRICIA FRAGA REQUEJO, Primeira Tenente de Alcalde deste Concello, a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante o período comprendido dende a hora de sinatura deste Decreto ata a data da miña incorporación á alcaldía, que non poido determinar neste momento, motivado a que a miña ausencia é por causas persoais imprevistas.

SEGUNDO. A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO. Dona Patricia Fraga Requeijo, debe informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

CUARTO. A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación de Dona Patricia Fraga Requeijo (órgano delegado), entendéndose esta outorgada tácitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no momento en que lle sexa notificada esta resolución.

QUINTO. A presente resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios electrónico deste Concello, dándose conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

SEXTO. No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas.

Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interperse, con carácter previo e potestativo, Recurso de Reposición ante a Alcaldía deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no termo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación. No entanto, poderá interpor calquera outro, se o considera conveniente.”.

Abadín, 3 de Xaneiro de 2018.- A alcaldesa en funcións, Patricia Fraga Requeijo.

R. 0045

BARREIROS

Anuncio

Por Acordo Plenario de data de 25 de setembro de 2017, aprobouse definitivamente a ubicación do sistema de videovixiancia no Polígono Industrial de Barreiros, así como os correspondentes ficheiros de protección de datos, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor:

“O Concello de Barreiros, co fin de mellorar a seguridade das empresas ubicadas no Polígono Industrial de Barreiros, considera que resulta aconsellable a incorporación dun apoio tecnolóxico sobre as funcións de vixiancia, control e regulación do tráfico que ten encomendada a Guardia Civil, e por este motivo, decidiuse incorporar a instalación e uso dunha rede de videocámaras destinadas á vixiancia, control e disciplina da circulación no Polígono Industrial.

A secretaria-interventora informa o seguinte:

1. A Disposición Adicional Oitava da *Lei Orgánica 4/1997, de 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade en lugares públicos*, establece que:

“A instalación e uso de videocámaras e de calquera outro medio de captación e reprodución de imaxes para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico efectuarase pola autoridade encargada da regulación do tráfico cos fins previstos no texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, aprobado polo Real Decreto legislativo 339/1990, de 2 de marzo, e demais normativa específica na materia, e con suxección ó disposto nas Leis Orgánicas 5/1992, de 29 de outubro, de Regulación do Tratamento Automatizado dos Datos de Carácter Persoal (na actualidade LOPD), e LO 1/1982, de 5 de maio, de Protección Civil do Dereito ó Honor, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe, no marco dos principios de utilización das mesmas previstos nesta Lei.”

Pola súa banda, a Disposición Adicional Única do Real Decreto 596/1999, de 16 de abril, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei Orgánica 4/1997, de 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas Forzas e Corpos de Seguridade en lugares públicos, establece, respecto do Réxime aplicable ás videocámaras para a vixilancia, control e disciplina do tráfico o que segue:

“1. A instalación e uso de videocámaras e de calquera outro medio de captación e reprodución de imaxes para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico nas vías públicas, realizarase con suxección ó disposto na disposición adicional oitava da Ley Orgánica 4/1997 e na presente disposición.

2. Corresponderá ás Administracións públicas con competencia para a regulación do tráfico, autorizar a instalación e o uso dos dispositivos aludidos no apartado anterior.

3. A resolución que ordene a instalación e uso dos dispositivos fixos de captación e reprodución, identificará xenéricamente as vías públicas ou os tramos daquelas cuxa imaxe sexa susceptible de ser captada, as medidas tendentes a garantir a preservación da dispoñibilidade, confidencialidade e integridade das grabacións ou rexistros obtidos, así como o órgano encargado da súa custodia e da resolución das solicitudes de acceso e cancelación.

A vixencia da resolución será indefinida en tanto non varíen as circunstancias que a motivaron.”

2. A captación de imaxes a través de cámaras para o control e regulación do tráfico deberá cumprir cos requisitos esixidos pola LOPD.

Os avances tecnolóxicos, singularmente os vinculados á captación de imaxe, supoñen posibilidades de intromisión no ámbito da privacidade e intimidade así como de limitación e vulneración do dereito á autodisposición das informacións que son relevantes para cada persoa. Por iso, o ordenamento xurídico reconece dereitos neste campo e establece mecanismos para a súa garantía. A Constitución Española, no seu artigo 18, reconece como dereito fundamental o dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e establece que *“a ley limitará o uso da informática para garantir o honor e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos”*. O Tribunal Constitucional, interpretando este artigo, declarou na súa xurisprudencia, e especialmente nas súas sentencias 290/2000 e 292/2000, que o mesmo protexe o dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal, otorgándolle unha sustantividade propia. Este dereito foi denominado pola doutrina como *“dereito á autodeterminación informativa”*.

A seguridade e a vixilancia non son incompatibles co dereito fundamental á protección da imaxe como dato persoal, o que en consecuencia esixe respetar a normativa existente en materia de protección de datos, para desta maneira manter a confianza da cidadanía nun sistema democrático.

As imaxes consideranse dato de carácter persoal, en virtude do establecido no artigo 3 da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal e no artigo 5.1 f) do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita Lei Orgánica, que considera como dato de carácter persoal a información gráfica ou fotográfica.

3. É responsabilidade das Administracións Locais o concernente á creación, modificación ou supresión de ficheiros de datos de carácter persoal.

O artigo 52 do Real Decreto 1720/2007 (LOPD artigo 20), dispón que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros de titularidade pública so poderán facerse por medio de disposición xeral ou acordo publico no «Boletín Oficial» correspondente.

Polo tanto, ACORDASE:

PRIMEIRO.- Cámaras.

Aprobar a instalación e uso dunha rede de videocámaras e de reprodución de imaxes para o control, vixilancia e disciplina do tráfico, suxeita ás estritas condicións fixadas pola Disposición Adicional Única do citado R.D. 596/1999.

Dita vixilancia extenderase ás vías situadas dentro dos límites do Polígono Industrial de Barreiros, concretamente nas seguintes ubicacións:

CAMARAS	UBICACION
1	Esquina suroeste da parcela 41 do parque empresarial de Barreiros
2	Esquina suroeste da parcela 41 do parque empresarial de Barreiros
3	Esquina suroeste da parcela 41 do parque empresarial de Barreiros
4	Frente da parcela 2 do parque empresarial de Barreiros
5	Frente da parcela 7 do parque empresarial de Barreiros
6	Frente da parcela 8 do parque empresarial de Barreiros
7	Frente da parcela 9 do parque empresarial de Barreiros
8	Frente da parcela 20 do parque empresarial de Barreiros
9	Frente da parcela 20 do parque empresarial de Barreiros
10	Esquina sureste da parcela 63 do parque empresarial de Barreiros
11	Esquina sureste da parcela 63 do parque empresarial de Barreiros
12	Esquina sureste da parcela 63 do parque empresarial de Barreiros
13	Frente da parcela 72 do parque empresarial de Barreiros
14	Frente da parcela 72 do parque empresarial de Barreiros
15	Esquina suroeste da parcela 41 do parque empresarial de Barreiros
16	Esquina suroeste da parcela 41 do parque empresarial de Barreiros

SEGUNDO.- Creación de ficheiros

Crear os ficheiros de datos de carácter persoal sinalados no ANEXO I.

TERCEIRO.- Medidas de seguridade.

A custodia, conservación e destrución, no seu caso, das imaxes captadas polas cámaras e que se integran nos ficheiros automatizados que polo presente Acordo se crean, cumpren as medidas de seguridade e esixencias establecidas no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, ó tempo que o órgano encargado da custodia e das resolucións das solicitudes de acceso e cancelación será o propio Concello.

CUARTO.- Publicación.

O presente acordo expoñerase ó público por un prazo de 30 días para alegacións, e posteriormente, en caso de que non se presente ningunha en dito prazo, será publicado no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO.- Entrada en vigor.

O presente Acordo entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial de Lugo.

ANEXO I

FICHEIRO: VIDEOVIGILANCIA CONTROL TRÁFICO

1. ÓRGANO, ENTE OU AUTORIDADE ADMINISTRATIVA RESPONSABLE DO FICHEIRO:

Concello de Barreiros

2. ÓRGANO, SERVIZO OU UNIDADE ANTE O QUE DEBERÁN EXERCITAR OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

Concello de Barreiros. Rúa Vila, 63 C.P. 27790 San Cosme de Barreiros – Lugo

3. NOME E DESCRICIÓN DO FICHEIRO QUE SE CREA:

“Videovixiancia Control Tráfico” Conxunto de imaxes dixitais de usuarios das vías, matrículas e vehículos que transiten polas vías titularidade do Concello de Barreiros.

5. Tratase dun FICHEIRO DE CARÁCTER INFORMATIZADO ó apoiarse a captación de imaxes nun videograbador dixital que admite conexión tcp/ip.

6. MEDIDAS DE SEGURIDADE: nivel básico.

7. TIPOS DE DATOS DE CARACTER PERSONAL QUE SE INCLUIRÁN NO FICHEIRO: imaxe/voz

8. FINALIDADE DO FICHEIRO:

Videovixiancia. Control e disciplina do tráfico.

9. COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS OU RESULTEN OBRIGADOS A SUMINISTRARLOS:

Usuarios das vías. Condutores e infractores.

10. PROCEDENCIA DOS DATOS: O propio interesado

11. PROCEDIMENTO DE RECOLLIDA: Captación mediante cámaras.

12. ÓRGANOS E ENTIDADES DESTINATARIOS DAS CESIÓNS PREVISTAS:

Forzas e corpos de seguridade.

13. NON HAI TRANSMISIÓN INTERNACIONAL DE DATOS PREVISTA.

Barreiros, 26 de decembro de 2017.- O Alcalde, J. Alfonso Fuente Parga

R. 0046

LUGO

Anuncio

DECRETO NÚMERO 17010925 DO 15/12/2017

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de novembro de dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo 15/752 BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTA PARA A COBERTURA INTERINA DE PRAZAS DE FUNCIONARIO/A NA CATEGORÍA DE OFICIAL MECÁNICO CONDUTOR/A, NOS SUPOSTOS DO ARTIGO 10 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para elaboración dunha lista para a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas de funcionario/a na categoría de OFICIAL MECÁNICO CONDUTOR/A, de acordo coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de novembro de dous mil dezasete, e que a continuación se transcriben:

“1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Estas bases teñen por obxecto rexer a convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha lista para a cobertura interina de prazas de funcionario/a na categoría de Oficial Mecánico Condutor/a, dende a que se irá chamando os/as candidatos/as pola orde de puntuación obtida por cada un/unha deles/as, cando sexa necesario proceder á cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, de prazas funcionario/a na categoría de Oficial Mecánico Condutor/a.

2.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixiarse o requisito da non- presentación do DNI, permiso de conducir e da titulación.

Para ser admitido/a a esta convocatoria, os/as aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os/as estranxeiros/as que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separado/as de dereito, e as e os seus descendentes e as e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Estar en posesión do título graduado en ESO, graduado escolar, titulación superior ou equivalente.

c) Estar en posesión do permiso de conducir das clases A e C.

d) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitada/o ou en situación equivalente nin ter sido sometida/o a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

3.- ÁMBITO DE PUBLICIDADE

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

4.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia que lles será facilitada no Rexistro Xeral do Concello. As instancias dirixiranse a Excm. Sra. Alcaldesa do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais do solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 1.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día coincidise en sábado ou festivo o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

Lugar de presentación: os interesados e interesadas en participar no proceso selectivo deberán presentar instancia dirixida á Excm. Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

a.- Fotocopia do DNI

b.- Fotocopia da titulación esixida.

c.- Fotocopia do permiso de conducir A e C

d.- Fotocopia de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

5.- SISTEMA DE SELECCIÓN

A) Realización das seguintes probas:

a) A proba teórica consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test composto por 20 preguntas relativas a elementos que configuran os motores de automoción. Coñecemento do motor de explosión. A suspensión, pneumáticos, dirección e freos.

Este cuestionario estará composto por preguntas con tres respostas alternativas, sendo unha delas a correcta. O tempo máximo para a realización deste exercicio é de 30 minutos. Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,50 puntos. A mal contestada restará 0,166, e puntuará con 0 puntos a deixada en branco. Para superar a proba teórica e pasar á proba práctica deberá acadarse, ao menos, unha puntuación de 5 puntos.

O exercicio que propoña o tribunal terá catro preguntas máis de reserva, claramente identificadas como tales, as que substituirán ás preguntas que se é o caso puideran ser obxecto de anulación. As devanditas preguntas de reserva só serán valoradas no caso de que substitúan algunha outra que fora obxecto de anulación. Estas 4 preguntas de reserva terán que ser contestadas dentro do tempo de 30 minutos.

b) Proba práctica. Realización de traballos propostos polo tribunal da categoría convocada.

En función da maior ou menor complexidade do exercicio, o tribunal determinará antes do seu inicio o tempo máximo para a súa realización, con carácter xeral para todas as persoas participantes. Para superar a proba práctica, deberá acadarse, ao menos, unha puntuación de 5 puntos.

c) Coñecemento da Lingua Galega.- Esta proba unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de iniciación da lingua galega ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 3. O exercicio de galego para os/as aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto. Quen non o supere quedará excluído/a do proceso selectivo.

B) Baremo de méritos:

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito: máximo 6 puntos.

a) Experiencia profesional: por cada mes completo de servizos prestados en administracións públicas na categoría de Oficial Mecánico Conductor/a, 0,15 puntos ata un máximo de 4 puntos.

Os servizos deberán acreditarse coa presentación de certificación de empresa por un lado, xuntamente co contrato de traballo ou nomeamento, se é o caso.

Aquelas e aqueles aspirantes que prestaron servizos no Concello de Lugo, unicamente terán que facelo constar na súa instancia de participación no proceso selectivo e non terán que presentar a certificación a que fai referencia este parágrafo.

b) Formación:

Por cursos de formación, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, nos que se expediran diploma, certificación de asistencia ou, se é o caso, de aproveitamento ata un máximo de 2 puntos de conformidade cos seguintes criterios:

- Ata 14 horas de duración 0,10 puntos.
- De 15 a 24 horas de duración 0,20 puntos
- De 25 a 39 horas de duración 0,40 puntos
- De 40 a 59 horas de duración 0,60 puntos
- De 60 a 79 horas de duración 0,80 puntos
- De 80 a 100 horas de duración 1 punto
- De 101 ou mais horas de duración 1,15 puntos

A puntuación final do proceso selectivo será a resultante da suma das puntuacións obtidas nas probas teórica e práctica superadas coa suma das puntuacións obtidas na fase de concurso.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores
- 2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia dos documentos que acrediten os méritos que alega a persoa aspirante. As e os aspirantes que resulten seleccionados deberán aportar a documentación orixinal para o seu cotexo, igualmente, a dita documentación poderá ser requirida a todas e todos os demais aspirantes en calquera momento do proceso.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, unicamente poderán corrixir os requisitos indispensables para participar no proceso selectivo, pero non os que voluntariamente achegue o/a aspirante, e que queira presentar para ser tidos en conta na fase de concurso. A presentación da documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para o baremo de méritos, deberá facerse dentro do prazo de presentación de instancias, sen que sexa admisible a súa presentación dentro do prazo de emendas.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal cualificador estará constituído polos seguintes membros:

Presidente:

- Don Pablo Fuentes Failde, Xefe do Servizo de Enxeñería do Concello de Lugo

Suplente: D. Miguel Negral Fernández, Enxeñeiro de Montes do Concello de Lugo.

Vogais:

- D. Miguel Vila López, Sarxento de Bombeiros, en funcións, do Concello de Lugo.

Suplente: D. Pablo Fariñas Franco, Oficial Conductor do Concello de Lugo.

- D. José Edelmiro Rego López, Oficial Conductor Mecánico do Concello de Lugo.

Suplente: D. José Rodrigo Reigosa Mouriz, Oficial Conductor do Concello de Lugo.

- D. Ricardo Anido Ferreiro, Oficial Conductor do Concello de Lugo.

Suplente: D. Jesús José López Losada, Monitor de Educación Viaria do Concello de Lugo.

Secretaria:

- Dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.

Suplente: D.^a Isabel Varela López, Técnica Media de Xestión do Concello de Lugo.

7.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado desta orde de Lugo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Igualmente, poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolvera expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Segundo.- Que se proceda á súa publicación, facendose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición podrá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 0047

MEIRA

Anuncio

Aprobación definitiva orzamento xeral para o exercicio 2018

O orzamento xeral do Concello de Meira para o exercicio 2018 foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 5 de decembro do 2017 e publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 287, do día 16 de decembro.

Exposto ao público durante o prazo de quince días hábiles, non se presentaron reclamacións contra o mesmo, polo que de conformidade co artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, considérase definitivamente aprobado o orzamento xeral desta Entidade para o ano 2018, as bases para a súa execución e o cadro de persoal.

Segundo o disposto no artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, procédese á publicación do Orzamento resumido por capítulos e do cadro de persoal.

ORZAMENTO CONCELLO DO CONCELLO DE MEIRA PARA O EXERCICIO 2018**ESTADO DE GASTOS**

CAP.	DESCRIPCION	CONSIGNACION
	A.- OPERACIONES CORRENTES	
1	GASTOS DE PERSOAL	723.109,56
2	GASTOS CORRENTES	732.390,44
3	GASTOS FINANCEIROS	4.500,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	34.800,00
	TOTAL OPERACIONES CORRENTES	1.494.800,00
	B.- OPERACIONES DE CAPITAL	
6	INVERSIONES REAIS	485.000,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
8	ACTIVOS FINANCEIROS	
9	PASIVOS FINANCEIROS	62.000,00
	TOTAL OPERACIONES CAPITAL	547.000,00
	TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	2.041.800,00

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DESCRIPCION	CONSIGNACION
	A.- OPERACIONES CORRENTES	
1	IMPOSTOS DIRECTOS	543.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	20.000,00
3	TAXAS, PREZOS E OUTROS INGRESOS	471.700,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	597.000,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	15.100,00
	TOTAL OPERACIONES CORRENTES	1.646.800,00
	B.- OPERACIONES DE CAPITAL	
6	ENAXENACION DE INV. REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	395.000,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	
9	PASIVOS FINANCEIROS	
	TOTAL OPERACIONES CAPITAL	395.000,00
	TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	2.041.800,00

EXERCICIO 2018

CADRO DE PERSOAL

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación da praza	Grupo Subgrupo	Nº de prazas	Nivel	Situación
1. HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL:				
1.1 Secretaria-Interventora	A1/A2	1	26	Ocupada
2. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL:				
2.1. Subescala Administrativa				
Administrativo de Administración Xeral	C1	1	22	Ocupada
2.2. Subescala Auxiliar				
Auxiliar Administrativo	C2	1	18	Vacante

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Denominación da praza	Nº de postos	Carácter	Situación
SERVIZOS XERAIS			
Operario de servizos múltiples	1	Fixo	Ocupada
Traballadora Social	1	Fixo	Ocupada
Encargada da Biblioteca Municipal	1	Fixo	Ocupada
Limpadora de Dependencias municipais	1	Fixo	Ocupadas

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación da praza	Nº de postos	Carácter	Situación
SERVIZOS XERAIS			
OMIX	1	Temporal	Ocupada a tempo completo
Limpeza de Dependencias municipais	3	Temporal	Ocupadas a tempo completo
Operarios de Servizos Múltiples	3	Temporal	2 Ocupadas a tempo completo e 1 vacante
Persoal mantemento da EDAR	1	Temporal	Ocupada a tempo completo
Peón de xardiñería (APROL RURAL)	2	Temporal	Laboral temporal (9 meses)
Peóns de servizos xerais (DEPUEMPREGO)	2	Temporal	Laboral temporal (12 meses)
Peóns condutores (Extinción de incendios)	3	Temporal	Laboral temporal (3 meses)
PROMOCION TURISTICA			
Oficina de Turismo	1	Temporal	Ocupada a tempo completo

EDUCACIÓN e DEPORTES				
Músicos	6	Temporal		Ocupadas a tempo parcial
Monitor Deportivo	1	Temporal		Ocupada a tempo parcial
Socorrista	2	Temporal		Laboral temporal (2 meses)
Total funcionarios de carreira.....	3			
Total persoal laboral fixo.....	4			
Total persoal laboral temporal.....	25			
Total postos de traballo 2018.....	32			

Meira a 10 de xaneiro de 2018.- O Alcalde -Presidente, Antonio de Dios Álvarez

R. 0088

MONTERROSO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o Orzamento para o exercicio económico de 2018 logo de non presentarse alegacións o acordó inicialmente adoptado en sesión celebrada o día 30 de novembro de 2017, en cumprimento o que dispón o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 05 de marzo, faise público que dito Orzamento ascende, en Gastos a contía de EUROS 2.826.728,82 e en Ingresos, á cuantía de EUROS 2.826.728,82.

TOTAL GASTOS 2.826.728,82 € TOTAL INGRESOS 2.826.728,82 €

correspondiendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, según o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Cap. 1.- GASTOS DE PERSONAL	1.620.905,50
Cap. 2.- GASTOS EN BIENES CORRIENTES Y SERVICIOS	871.763,00
Cap. 3.- GASTOS FINANCIEROS	880,00
Cap. 4.- TRANSFERENCIAS CORRIENTES	110.988,84
Cap. 6.- INVERSIONES REALES	184.397,48
Cap. 7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
Cap. 8.- ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
Cap. 9.- PASIVOS FINANCIEROS	37.794,00

TOTAL GASTOS	2.826.728,82

ESTADO DE INGRESOS

Cap. 1.- IMPUESTOS DIRECTOS	835.226,84
Cap. 2.- IMPUESTOS INDIRECTOS	28.096,28
Cap. 3.- TASAS PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	537.562,48
Cap. 4.- TRANSFERENCIAS CORRIENTES	1.290.377,34
Cap. 5.- INGRESOS PATRIMONIALES	1.177,51
Cap. 7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	134.288,37
Cap. 8.- ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
Cap. 9.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00

TOTAL INGRESOS

2.826.728,82

Na referida sesión, tamén se acordou aproba-la plantilla e a relación de postos de traballo desta Corporación que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducense a continuación:

Monterroso, 03 de xaneiro de 2018.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Miguel Rico Gómez.

PLANTILLA DESTA ENTIDADE PARA O EXERCICIO 2018.

A/	<u>FUNCIÓNARIOS DE CARREIRA</u>	<u>Nº PRAZAS</u>	<u>GRUPO</u>	<u>NIVEL</u>	<u>SITUACIÓN</u>
1	Escala de Habilitación Nacional				
1.1	Subescala Secretario/a-Interventor/a				
1.1.a.	Posto: Secretario-Interventor	1	A1	28	Vacante
2	Escala de Admón General				
2.1	Subescala Xestión				
2.1.a.	Posto: Tesoreira/o	1	A2	24	
2.2	Subescala Administrativa				
2.2.a.	Posto:Administrativo- Xefe Negociado (Rexistro)	1	C1	20	
2.2.b.	Posto:Administrativo- Xefe Negociado Contabilidade-Laboral	1	C1	22	
2.3	Subescala auxiliar				
2.3.a.	Posto: Auxiliar administrativa	1	C2	18	Vacante
2.3.b	Posto: Auxiliar de servicios xerais	1	C2	18	
3	Escala de Admón. Especial				
3.1	Subescala Xestión				
3.1.a	Posto: Traballadora Social	1	A2	24	
3.2	Subescala de Servicios Especiais				
3.1.a	Oficial de Servicios Múltiples	1	C2	18	
B/	<u>PERSOAL LABORAL FIXO</u>	<u>Nº POSTOS</u>			<u>SITUACION</u>
	Peón	1			Vacante
	Peón	2			
	Oficial 1ª-Capataz	1			
	Encargada Biblioteca (Media Xornada)	1			
	Conserxe/a-Limpiador/a	1			Vacante
	Conserxe/a-Limpiador/a	1			Vacante
	Técnico/a Superior Educación Infantil.	2			
	Mestre/a Escola Infantil-Diplomada	1			
	Auxiliar Axuda no Fogar	4			

Auxiliar O.M.I.X.	1
Oficial 1ª -Capataz G.M.I.R.	3

B) PERSOAL EVENTUAL

Ningún

RESUMO:

Número de Funcionarios de Carreira.....08

Número Total de Persoal Fixo.....18

RELACION DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2018**A/ FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

DENOMINACIÓN	DOT.	N.C.D.	C.E.	T.P.	F.P.	ADSCRIPCIÓN			TITULACIÓN ACADÉMICA	FORMACIÓN ESPECÍFICA	SIT
						Grupo	Escala	Subesc.			
Secretario/a- Interventor/a	01	28	18.347,36	S	C	A1	H.C.N.	Sec. Inter.			V
Xestión: Tesoreira/o	01	24	8.763,27	NS	CO	A2	ADM.Gral.	Xestión	Diplomado/a		O
Xestión: Traballadora Social	01	24	2.771,86	NS	CO	A2	ADM.Especial	Xestión	Diplomado/a		O
Administrativo- Xefe Negociado Rexistro	01	20	7.939,68	NS	OP	C1	ADM.Gral	Adtivo.	B.S.		O
Administrativo: Xefe Negociado Contabilidade	01	22	7.002,98	NS	CO	C1	ADM.Gral.	Adtivo.	B.S.		O
Oficial Servicios Múltiples	01	18	7.628,53	NS	CO	C2	ADM.Especial	Serv. Especiais	G.E.		O
Auxiliar de Servicios Xerais	01	18	7.628,53	NS	CO	C2	ADM.Gral.	Auxiliar	G.E.		O
Auxiliar administrativa ser. xerais	01	18	7.002,98	NS	CO	C2	ADM. Gral	Auxiliar	G.E.		V

RELACION DE POSTOS DE TRABALLO ANO 2018**A/ PERSOAL LABORAL FIXO**

DENOMINACION	DOT.	N.C.D.	C.E.	T.P.	F.P.	ADSCRIPCION Grupo	TITULACION ACADÉMICA	OBSERVACIONES
SERVICIOS SOCIAIS								
-Auxiliar axuda no fogar	4	12	723,94	NS	C.O.	09	C.E.P.	
EDIFICIOS MUNICIPAIS								
-Conserxe/a-Limpiadore/a	1	12	1.000,02	NS	S.J.	06	C.E.P.	Vacante
-Conserxe/a-Limpiadore/a	1	12	1.000,02	NS	S.J.	06	C.E.P.	Vacante
-Encargada Biblioteca	1	16	837,76	NS	C.O.	05	B.S.	

-Auxiliar O.M.I.X.	1	16	827,68	NS	C.O.	07	G.E.	
OBRAS E SERVICIOS								
-Peón	1	13	996,10	NS	C.	10	C.E.P.	Vacante
-Peón	1	13	2.171,26	NS	C.	10	C.E.P.	
-Peón	1	13	2.171,26	NS	C.	10	C.E.P.	
-Oficial 1ª	1	17	2.296,14	NS	C.	08	G.E.	
-Oficial 1ª Capataz Gmir	3	17	2.442,16	NS	C.O.	08	G.E.	
GARDERIA MUNICIPAL								
-Mestre/a Escola Infantil-Diplomada.	1	16	0,00	NS	C.O.	02	Diplomado/a Mestre Educación Infantil	
-Técnico/a Superior Educación Infantil.	2	14	0,00	NS	C.O.	04	Técnico/a Superior educación infantil.	

ANEXO A RELACION DE POSTOS DE TRABAJO AÑO 2018.

PERSONAL LABORAL TEMPORAL PARA O EXERCICIO 2018, MERA PREVISION DE CONTRATOS A FORMALIZAR EN FUNCIÓN DAS SUBVENCIONS OU CONVENIOS QUE SE CONCRETEN CON OUTRAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS.

<u>POSTO</u>	<u>Nº POSTOS</u>	<u>CARACTERÍSTICAS</u>
<ul style="list-style-type: none"> • Monitores actividades deportivas/socorristas • Peón servicios varios instacións deportivas • Coordinador complexo deportivo 	02 01 01	Xornada Completa Xornada Completo Xornada Completa
<ul style="list-style-type: none"> • Peón Limpeza Camiño Frances • Técnico Turismo Camiño Frances 	01 01	Xornada Completa Xornada Completa
<ul style="list-style-type: none"> • Educador/a de Familia • Monitores/as deportivos • Mestre Especialista en Educación Infantil • Auxiliar Cociña Gardería • Coidadoras/es Vivenda Comunitaria 	01 03 02 01 04	Xornada Completa Xornada a Tempo Parcial Xornada a Tempo Parcial Xornada a Tempo Parcial Xornada Completa
<ul style="list-style-type: none"> • Repartidora • Auxiliar cociña centro de dia • Auxiliar enfermeria centro de dia 	01 01 02	Xornada Completa Xornada Completa Xornada Completa
<ul style="list-style-type: none"> • Peón de pavimentación vias públicas 	01	Xornada Completa
<ul style="list-style-type: none"> • Monitora ocioteca municipal • Monitora ocioteca municipal • Persoal Limpeza ruas e instalacións municipais • Profesores Escola Música 	01 01 02 06	Xornada Completa Xornada a tempo parcial Xornada Completa Xornada a Tempo Parcial

• Persoal GES	09	Xornada Completa
• Auxiliares de axuda no fogar	12	Xornada Completa
• Conserxe/a-Limpiador/a	01	Xornada Completa
• Brigada incendios e conductores camiión incendios	08	Xornada Completa

R. 0048

XOVE
Anuncio

Por Decreto de Alcaldía nº 2017-0319 de data 29 de decembro de 2017, aprobouse inicialmente o Padrón da Taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga, no que se inclúe o canon de auga, e pola recollida de lixo domiciliar correspondente ó terceiro trimestre de 2017.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ó pago, que dispoñen de un prazo de quince días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poda ser examinado e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo si, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico - administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 30 de decembro de 2017 ata 1 de marzo de 2018.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ó público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove a 29 de decembro de 2017. O Alcalde .- Jose Demetrio Salgueiro Rapa

R. 0049